

## **POLÍTICA DE COOKIES**

NORLOC informa achega do uso das cookies na súa páxina web:  
[www.norloc.com](http://www.norloc.com)

### **QUE SON AS COOKIES?**

As cookies son arquivos que se poden descargar no seu equipo a través das páxinas web. Son ferramentas que teñen un papel esencial para a prestación de numerosos servizos da sociedade da información. Entre outros, permiten a unha páxina web almacenar e recuperar información sobre os hábitos de navegación dun usuario ou do seu equipo e, dependendo da información obtida, pódense utilizar para recoñecer ao usuario e mellorar o servizo ofrecido.

### **TIPOS DE COOKIES**

Segundo quen sexa a entidade que xestione o dominio desde onde se envían as cookies e trate os datos que se obteñan pódense distinguir dous tipos:

1. Cookies propias: aquelas que se envían ao equipo terminal do usuario dende un equipo ou dominio xestionado polo propio editor e dende o que se presta o servizo solicitado polo usuario.
2. Cookies de terceiros: aquelas que se envían ao equipo terminal do usuario dende un equipo ou dominio que non é xestionado polo editor, senón por outra entidade que trata os datos obtidos a través das cookies.

No caso de que as cookies sexan instaladas desde un equipo ou dominio xestionado polo propio editor, pero a información que se recolla mediante estas sexa xestionada por un terceiro, non poden ser consideradas como cookies propias.

Existe tamén unha segunda clasificación segundo o prazo de tempo que permanecen almacenadas no navegador do cliente, podendo tratarse de:

1. Cookies de sesión: deseñadas para solicitar e almacenar datos mentres o usuario accede a unha páxina web. Adóitanse empregar para almacenar información que só interesa conservar para a prestación do servizo solicitado polo usuario nunha soa ocasión ( p.e. unha lista de produtos adquiridos).
2. Cookies persistentes: os datos seguen almacenados no terminal e poden ser accedidos e tratados durante un período definido polo responsable da cookie, e que pode ir duns minutos a varios anos.

Por último, existe outra clasificación con seis tipos de cookies segundo a finalidade para a que se traten os datos obtidos:

1. Cookies técnicas: aquelas que permiten ao usuario a navegación a través dunha páxina web, plataforma ou aplicación e a utilización das diferentes opcións ou servizos que nela existan como, por exemplo, controlar o tráfico e a comunicación de datos, identificar a sesión, acceder a partes de acceso restrinxido, lembrar os elementos que integran un pedido, realizar o proceso de compra dun pedido, realizar a solicitude de inscrición ou participación nun evento, utilizar elementos de seguridade durante a navegación, almacenar contidos para a difusión de vídeos ou son ou compartir contidos a través de redes sociais.

2. Cookies de personalización: permiten ao usuario acceder ao servizo con algunhas características de carácter xeral predefinidas en función dunha serie de criterios no terminal do usuario por exemplo serían o idioma, o tipo de navegador a través do cal accede ao servizo, a configuración rexional desde onde accede ao servizo, etc.

3. Cookies de análise: permiten ao responsable das mesmas, o seguimento e análise do comportamento dos usuarios dos sitios web aos que están vinculadas. A información recollida mediante este tipo de cookies utilízase na medición da actividade dos sitios web, aplicación ou plataforma e para a elaboración de perfís de navegación dos usuarios dos devanditos sitios, aplicacións e plataformas, co fin de introducir melloras en función da análise dos datos de uso que fan os usuarios do servizo.

4. Cookies publicitarias: permiten a xestión, da forma máis eficaz posible, dos espazos publicitarios.

5. Cookies de publicidade comportamental: almacenan información do comportamento dos usuarios obtida a través da observación continuada dos seus hábitos de navegación, o que permite desenvolver un perfil específico para mostrar publicidade en función do mesmo.

6. Cookies de redes sociais externas: utilízanse para que os visitantes poidan interactuar co contido de diferentes plataformas sociais (facebook, youtube, twitter, linkedIn, etc..) e que se xeren unicamente para os usuarios das devanditas redes sociais. As condicións de utilización destas cookies e a información recompilada regúlase pola política de privacidade da plataforma social correspondente.

## **DESACTIVACIÓN E ELIMINACIÓN DE COOKIES**

Ten a opción de permitir, bloquear ou eliminar as cookies instaladas no teu equipo mediante a configuración das opcións do navegador instalado no seu equipo. Ao desactivar cookies, algúns dos servizos dispoñibles poderían

deixar de estar operativos. A forma de deshabilitar as cookies é diferente para cada navegador, pero normalmente pode facerse desde o menú Ferramentas ou Opcións. Tamén pode consultarse o menú de Axuda do navegador onde podes atopar instrucións. O usuario poderá en calquera momento elixir que cookies quere que funcionen neste sitio web.

Pode vostede permitir, bloquear ou eliminar as cookies instaladas no seu equipo mediante a configuración das opcións do navegador instalado no seu computador:

1. Microsoft Internet Explorer ou Microsoft Edge:  
<http://windows.microsoft.com/es-es/windows-vista/Block-or-allow-cookies>

2. Mozilla Firefox:  
<http://support.mozilla.org/es/kb/impedir-que-los-sitios-web-guarden-sus-preferencia>

3. Chrome:  
<https://support.google.com/accounts/answer/61416?hl=esxxx>

4. Safari:  
<http://safari.helpmax.net/es/privacidad-y-seguridad/como-gestionar-las-cookies/>

5. Opera:  
<http://help.opera.com/Linux/10.60/es-ES/cookies.html>

Ademais, tamén pode xestionar o almacén de cookies no seu navegador a través de ferramentas como as seguintes:

1. Ghostery: [www.ghostery.com/](http://www.ghostery.com/)
2. Your online choices: [www.youronlinechoices.com/es/](http://www.youronlinechoices.com/es/)

## COOKIES UTILIZADAS EN WWW.NORLOC.COM

A continuación, identifícanse as cookies que están a ser utilizadas neste portal, así como a súa tipoloxía e función:

Cookies propias	Tipo	Finalidade
norloc	Sesión	Xerada polo servidor de aplicaciones cando crea unha sesión de usuario no sitio web.
norloc_cookies	Personalización	Cookie para a aceptación da política de cookies.
Cookies de terceiros	Tipo	Finalidade
__utma __utmb __utmc __utmz _ga _gat	Analíticas de Google	Recoller información sobre a navegación dos usuarios polo sitio web co fin de coñecer a orixe das visitas e outros datos similares a nivel estadístico. Non obtén datos dos nomes ou apelidos dos usuarios nin da dirección postal concreta dende onde se conectan.

## ACEPTACIÓN DA POLÍTICA DE COOKIES

www.norloc.es asume que vostede acepta o uso de cookies. Con todo, mostra información sobre a súa Política de cookies na parte inferior ou superior de calquera páxina do portal con cada inicio de sesión co obxecto de que vostede sexa consciente.

Ante esta información é posible levar a cabo as seguintes accións:

1. Aceptar cookies. Non se volverá a visualizar este aviso ao acceder a calquera páxina do portal durante a presente sesión.
2. Pechar. Ocúltase o aviso na presente páxina.
3. Modificar a súa configuración. Poderá obter máis información sobre que son as cookies, coñecer a Política de cookies de www.norloc.es e modificar a configuración do seu navegador.